

**BASES DO FESTIVAL DE COMPARSAS
CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DO GROVE
PAVILLÓN DE DEPORTES, 5 DE MARZO DE 2011**

Todas as Comparsas que queiran participar no Concurso teñen que inscribirse, no Concello, ata as OITO da noite do día 28 de febreiro de 2011 e aceptar estas bases, que se rexen polas seguintes

Cláusulas:

COMPOSICIÓN E INSCRICIÓN

Unha. As Comparsas teñen que ser formadas por QUINCE persoas como mínimo, e ter un representante legal. O representante legal asume toda a responsabilidade diante de reclamacións de terceiros que puidesen producirse, tanto polo contido das letras, como pola utilización das músicas ou vestiarios.

Dúas. No caso de que o número de Comparsas inscritas, sexa superior a DOCE, número límite de concursantes, terán prioridade as do Grove e a seguir as que xa participaran en edicións anteriores, co mesmo nome. Dese xeito a simple inscrición non garante a participación no Festival, que está condicionada pois á fin do prazo de inscrición e confirmación definitiva pola organización do evento.

As comparsas, antes do día 4 de MARZO, comprométense a entregar DOCE exemplares das súas historias impresas á Concellería de Cultura, para seren entregadas ao xurado, e ao Arquivo municipal.

ACTUACIÓN

Tres. As comparsas comprométense a concentrarse na Praza do Concello, ás 20.00 horas do día 5 de MARZO, non sendo que as condicións meteorolóxicas desaconsellen esta concentración, e a participar na marcha a pé ata o Pavillón, ocupando a mesma orde que resulte do sorteo para a súa participación no Festival.

Catro. Será por conta do Concello a instalación do escenario, do estrado e da decoración do Pavillón. Cada Comparsa ten liberdade de escenificar a súa actuación, tendo por anticipado información do escenario que se vai instalar e da decoración e medidas deste.

As comparsas contarán con medios propios para faceren a súa actuación, tendo un máximo de MEDIA HORA dende que comezan a súa actuación ata que baixan do escenario, no que non poderán deixar ningunha das súas pertenzas.

O xurado, que levará conta do tempo transcorrido, penalizará cun desconto de seis puntos o incumprimento deste apartado.

A entrada e a saída de cada Comparsa será ordenada, pola porta principal do Pavillón, non podendo acceder a este ata que se lle chegue a orde da súa actuación, podendo permanecer mentres nas instalacións da Casa da Cultura. Unha vez rematada a súa actuación, os membros das Comparsas poden permanecer nel.

Unha vez rematado o Festival de comparsas, todas elas, sen excepción, comprométense a retirar do Pavillón todas as súas pertenzas, o Concello descontará dos premios os gastos de persoal e transporte que ocasionen as retiradas non realizadas polas propias comparsas.

ORDE

Cinco. A orde de actuación é resultado dun sorteo que se realizará o luns VINTEOITO de febreiro, no Salón de Plenos do Concello, ás nove da noite.

Seis. As dependencias da Casa da Cultura, se algunha comparsa o solicita na ficha de inscrición, estarán dispoñibles ata o inicio do Festival, para que as comparsas poidan depositar alí calquera pertenza, baixo a súa exclusiva responsabilidade.

Sete. As comparsas non poderán utilizar o Pavillón no día do Certame para ensaios, nin outras actividades, co fin de facilitar a montaxe de escenario, son, iluminación e demais necesidades técnicas e loxísticas.

Os representantes legais poderán pasar polo Pavillón para verificar a instalación de escenario, luz e son, que responderá aos criterios do ano anterior.

As Comparsas non poderán facer uso na súa actuación de lume, fume, ou calquera outro material que supoña un perigo para a vida e a saúde das persoas. O xurado penalizará ás comparsas que incumpran este apartado da cláusula coa descualificación automática.

XURADO

Oito. O xurado estará composto por nove persoas que valorarán os seguintes aspectos das actuacións:

Interpretación: valorarase a música, o canto e a posta en escena. Serán tres persoas de fóra do Grove.

Vestuario: valorarase a súa realización manual, a confección, a súa orixinalidade e vistosidade, o mesmo que as maquillaxes e complementos. Serán tres persoas de fóra do Grove.

Crítica: valorándose a letra, a finura do aguillón e a súa capacidade de arrear estopa. Serán tres persoas do Grove, representando a tres entidades sociais.

Cada bloque de xurado terá unha presidencia que desempataría, mediante unha nova votación dos tres, en caso de producirse un empate.

Cada membro do xurado votará só ao seu bloque de competencia, cun único dígito de puntuación, que estará comprendido entre 1 e o número total de comparsas a concurso, e sen poder repetir o valor votado en ningún outro caso.

Durante o Festival, os membros do xurado sentarán alternativamente, en cada bloque de tres estará un membro de cada bloque de avaliación, para dificultar a transmisión de opinións entre eles, e que iso condicione a súa independencia e criterio.

O Concelleiro de Cultura actuará como secretario do xurado, sen voto, e con voz para darlle apoio e explicarlle os criterios destas bases, cando fose necesario. Unha vez rematada a votación, o secretario, diante de todos os membros do xurado, sumará as puntuacións e redactará a acta deste, que será asinada polos tres presidentes e comunicada ao público asistente.

Unha vez coñecido o nome da Comparsa gañadora do Entroido 2011, recibirá a Bandeira do Entroido 2011, de mans do alcalde do Concello, e volverá a realizar unha actuación de cortesía, se así o estiman conveniente.

Nove. Os membros das Comparsas respectarán o labor do xurado, non entrando en conversación con el. Acatarán a súa decisión, aínda que non a compartan.

Os membros das Comparsas respectarán escrupulosamente a actuación das restantes comparsas, absténdose de facer ruído durante as intervencións dos demais. O xurado pode proceder a descualificar a calquera comparsa, se estima que algúns dos seus membros non respectan aos contrincantes.

Dez. Fóra de concurso poderán participar outras Comparsas, se así é decidido pola organización, e sempre a convite desta.

Once. Todas as Comparsas concursantes teñen a obriga de participar tamén no Recital de Comparsas que se celebrará na Casa da Cultura o sábado 12 de MARZO, desde as 16.00 ata as 20.30 horas, onde lles serán entregados os diplomas e premios. A non participación neste recital dará lugar a un desconto de 200 euros do premio económico acadado no Festival, se a comparsa non gañou ningún dos tres primeiros premios; se acadou algún dos tres primeiros, o desconto será de 600 euros.

A orde de actuación neste Recital será inverso ao resultado da votación, comezando a Comparsa que teña menos votos e rematando a gañadora da Bandeira do Concello do Grove 2011.

As comparsas absteranse de ocupar as cadeiras do Salón da Casa da Cultura esa tarde, e moi especialmente de evitar calquera ruído que poida prexudicar a gravación.

Esta actuación será gravada para a súa posterior edición en disco, que será distribuído de balde aos que entreguen o bono incluído na entrada de acceso ao Festival do Pavillón.

As comparsas comprométense a participar no posterior enterro da Sardiña.

OS PREMIOS

Doce. Os premios do concurso quedan establecidos do xeito seguinte:

Primeiro: Bandeira do Concello, 1100 euros e diploma.

Segundo: 1000 euros e diploma.

Terceiro: 900 euros e diploma.

Resto de participantes: 400 euros e diploma.

As Comparsas, polo mero feito de participar neste Festival, asumen todas e cada unha das cláusulas destas bases.

DA ORGANIZACIÓN

As Comparsas asumen que o Concello do Grove é o organizador deste evento, e que como tal pode establecer convenios de colaboración para a xestión do evento con terceiros, tendentes á mellor organización e difusión deste e das actuacións que nel se realicen, tanto por medios audiovisuais e sonoros, radiofónicos, televisivos ou Internet, renunciando expresamente a calquera reclamación económica por posibles difusión ou explotacións.

O Grove, febreiro de 2011